

INGLÉS (1º ESO)

Guía e Programa da materia.



IES AaR

Profesor: José Carlos Lourés Carballal

1. PROPOSTA DIDÁCTICA PARA O CURSO 2022-2023.

Ante a situación actual derivada da presenza e propagación da pandemia provocada polo COVID-19 (Coronavirus) e previndo as súas posibles consecuencias na presenza do alumnado e do profesorado nas aulas, considerase a posibilidade de que as clases desta materia ao longo do curso 2022-2023 teñan lugar nestes escenarios e nestas situacións educativas:

1º. Formación presencial na aula.

A primeira opción é a proposta de actividade lectiva inicial e a que máis nos lembra a situación previa ao confinamento forzoso. As clases de Inglés basease na tarefa na aula coas explicacións do profesor e a actividade do alumnado na aula.

2º. Formación mixta: presencial na aula e online (EDIXGAL).

A segunda opción é a proposta de actividade lectiva que pretende mellorar a actividade docente normal combinando o ensino e a tarefa presencial na aula, con explicacións do profesor e a actividade do alumnado, e o ensino online utilizando a plataforma de ensino EDIXGAL para a elaboración de materiais e recursos alternativos ao libro de texto.

3º. Formación online a distancia (Confinamento por corentena). Situación a extinguir.

A terceira e última opción é a proposta de actividade lectiva obrigada por unha situación de confinamento obrigado que obrigaría a un uso exclusivo do ensino online utilizando a plataforma de ensino EDIXGAL para a elaboración de materiais e recursos alternativos ao libro de texto e a aplicación de videoconferencia WEBEX para procurar a continuación da actividade educativa. De calquera xeito, ao alumnado con problemas de conexión a internet se lle proporcionará a posibilidade de recibir materiais didácticos impresos para realizar as tarefas de actividades didácticas da materia de Lingua Estranxeira e facer as entregas vía correo electrónico correo postal tradicional ou calquera outra vía que así se decida e que se comunicará a través de ABALAR móbil, EDIXGAL ou o sitio web do IES Antón Alonso Ríos.

2. CONTIDOS AVALIABLES.

GRAMMAR

1. Personal Subject Pronouns.
2. Possessive adjectives.
3. Demonstrative pronouns.
4. Object pronouns and possessive ('s / ').
5. *have got*: present Simple.
6. Imperatives.
7. Present Simple: *Be*.
8. *there is / there are + a/an, some and any*.
9. **Present simple**: affirmative, negative and interrogative.
10. Adverbs of frequency.
11. *like + -ing / noun / object pronouns*.
12. Words with *-ing*.
13. Comparative adjectives.
14. Superlative adjectives.
15. **Present continuous**.
16. **Present continuous and Present Simple**.
17. *can / can't*.
18. *must / mustn't*.
19. Countable and uncountable nouns: *some, any, much, many, a lot of*.
20. Past simple: *be*.
21. *there was / there were*.
22. **Past simple: regular verbs**.
23. **Past Simple: regular and irregular verbs**.
24. **Past Simple: questions**.

25. *will / won't* for predictions .
26. *be going to* for future plans .

VOCABULARY

1. Greetings and introductions.
2. The alphabet.
3. Countries and nationalities.
4. Classroom objects.
5. Times.
6. Classroom language.
7. Days of the week.
8. School subjects.
9. Family.
10. Rooms and homes.
11. Daily routines.
12. Free-time activities.
13. At school.
14. Sports and equipment.
15. Adjectives.
16. Weather adjectives.
17. Adventure equipment.
18. Creations and actions.
19. Food.
20. City life.
21. Clothes.
22. General appearance.
23. Landscapes.
24. Places in town.
25. Technology.

26. Films.

27. English speaking countries (The United Kingdom: Great Britain (England, Scotland and Wales) and Northern Ireland), Ireland, The USA, Canada, Australia and New Zealand).

28. English across the curriculum.

READING

○ **Ler textos comprensivamente:** Ler textos breves (calquera dos diferentes tipos de artigos periodísticos impresos ou na rede (informativos sobre a actualidade local, nacional ou mundial, de opinión sobre temas de actualidade, divulgativos sobre historia, ciencia ou tecnoloxía, deportivos, divulgativos e informativos sobre temas de saúde e nutrición, sobre entretementos e afeccións, sobre intereses da mocidade e a xuventude, etc), un cuestionario ou test cultural, unha páxina web, unha guía turística, calquera tipo de blog, unha biografía, etc e responder cuestións sobre o seu contido.

WRITING

○ **Escribir un texto breve. Redactar diferentes clases de textos** (unha redacción sobre un día de escola, unha descrición da habitación propia, unha perfil persoal, unha reportaxe ou informe sobre o teu colexio ou instituto, unha recensión, unha descrición dunha fotografía ou imaxe, unha receita de cociña, unha entrada dun blog sobre unha lembranza do pasado, un perfil ou descrición dunha persoa admirada (un ídolo persoal), un ensaio ou artigo de opinión, etc.).

○ **Reglas de ortografía e elementos do discurso** (uso das maiúsculas, uso dos apóstrofes, uso dos nexos ou conectores, uso dos signos de interrogación e exclamación, uso das expresións temporais, a orde ou secuencia dos termos nunha oración, a orde na colocación dos adxectivos, as preposicións de tempo, etc.)

LISTENING

○ **Ser capaz de escoitar e interpretar información oral** de diferentes fragmentos que amosan situacións de comunicación verbal oral reais e contestar cuestións sobre os mesmos.

SPEAKING

○ **Ser capaz de producir e intercambiar información oral** a través de diferentes fragmentos dialogados que amosen situacións de comunicación verbal oral reais e **intercambiar información** cos interlocutores **como instrumento de relación social e reafirmar o seu coñecemento e autoestima** no uso da lingua inglesa.

READING AND LISTENING A BOOK

○ **Ler e escoitar un libro de lectura comprensivamente e completar un exame tipo test** acerca dos libros **elixidos** da lista de lecturas (un libro por avaliación).

1ª Avaliación (Optativo)

- DICKENS, Charles: *A Christmas Carol*. Oxford Bookworms (Starter), OXFORD.

2ª Avaliación (Obrigado)

- BOWLER, Bill: *Sheherazade*. Dominoes (Starter), OXFORD.
- ESCOTT, John: *The Big Story*. Dominoes (Starter), OXFORD.
- ESCOTT, John: *William Tell and Other Stories*. Dominoes (Starter), OXFORD.
- HINES, Alan: *Changing Places*. Dominoes (Starter), OXFORD.
- SHAKESPEARE, William: *The Tempest*. Dominoes (Starter), OXFORD.
- THOMPSON, Lesley: *Zombie Attack!* (Quick Starter), OXFORD.
- VERNE, Jules: *Around the World in Eighty Days*. Dominoes (Starter), OXFORD.
- WILDE, Oscar: *The Selfish Giant*. Dominoes (Quick Starter), OXFORD.

3ª Avaliación (Optativo)

- ESCOTT, John: *Robin Hood*. Oxford Bookworms (Starter), OXFORD.
- HARDY-GOULD, Janet: *King Arthur*. Oxford Bookworms (Starter), OXFORD.
- HARDY-GOULD, Janet: *Merlin*. Dominoes (Starter), OXFORD.
- HARDY-GOULD, Janet: *The Great Fire of London*. Dominoes (Starter), OXFORD.
- HART, Julie: *All About Britain*. Burlington Activity Reader (1º ESO), BURLINGTON BOOKS.
- TRACY, Philipa: *All About Canada*. Burlington Activity Reader (1º ESO), BURLINGTON BOOKS.
- WINSTON, Emily: *All About Australia*. Burlington Activity Reader (1º ESO), BURLINGTON BOOKS.

DIGITAL COMPETENCE: ICT DEVELOPMENT

- **Desenrolo da competencia dixital** a través da realización de **tarefas voluntarias ou prescriptivas** nas que incorpore o uso da lingua estranxeira e aplique a maior variedade de técnicas de tratamento da información e da comunicación (uso de internet, aproveitamento responsable das redes sociais, difusión de habilidades dixitais para a elaboración de materiais multimedia que poda utilizar na súa vida académica e persoal).
- Esas tarefas contemplaran, por exemplo, a elaboración de correos electrónicos, elaboración de presentacións dixitais, tratamento de contidos multimedia, aproveitamento das aulas dixitais, elaboración de blogs, realización de tarefas de *speaking* (conversa), etc. As tarefas serán entregadas nun dispositivo de memoria (*USB pendrive* ou *memory card*).
- Os blogs da materia de Lingua Estranxeira (Inglés) de 1º ESO e os recursos de internet, as redes sociais e outras apps serán outros instrumentos máis de ensino, aprendizaxe e difusión das competencias lingüísticas amais das didácticas para o uso e aplicación do dominio lingüístico cara a súa aplicación na vida cotiá do alumnado.

3. AVALIACIÓN (INSTRUMENTOS E CRITERIOS).

1º. Cada avaliación realizaranse **varios exames ou probas**:

- Unha proba de avaliación sobre os contidos de **vocabulario e gramática**.

- Unha proba de avaliación sobre as competencias (*skills*) de comprensión oral ou (*listening (audición)* e *watching (visionado)*) a traves dun vídeo (un documental sobre distintos temas sobre a sociedade, cultura e lingua dos países anglosaxones) e sobre as competencias de comprensión lectora ou *reading (lectura)*.

- Varias probas parciais (Unha por cada tema) sobre as competencias de expresión escrita ou *writing (redacción e ortografía)*.

- Unha proba de avaliación sobre a competencias de expresión oral ou *speaking (conversa)*.

2º. As probas abarcarán **dúas ou tres unidades** do libro de texto por exame. Circunstancia que será informada polo profesor da materia.

3º. Na 1ª avaliación realizaranse **probos de avaliación inicial**: atenderán ós contidos de **vocabulario e gramática** e ás competencias de *listening (audición)*, *reading (lectura)* e *writing (redacción e ortografía)*. Esta proba escrita terá lugar na semana do **3 ao 7 de outubro de 2022**.

4º. Ao longo do curso realizaranse varias **probos específicas** sobre os contidos dun **libro de lectura a elixir** entre varias opcións da lista establecida. **Só** o alumnado ó que se lle asigne, polas súas **necesidades educativas especiais**, unha Adaptación Curricular Especifica en Inglés deberá ler un **libro de lectura específico, adaptado** a súas características de aprendizaxe.

Na 1ª avaliación realizarase unha **primeira tarefa de lectura: e proba (voluntaria para o alumnado que así o decida)** que incluírá unha **proba escrita tipo test** que avaliará a comprensión lectora dun clásico da literatura inglesa e universal referido as festividades do Nadal e Fin de

Ano: *A Christmas Carol* de Charles Dickens. A proba deste libro terá lugar entre os días **12 e 14 de decembro de 2022.**

Na 2ª avaliación realizarase a **segunda tarefa de lectura (obrigada para a totalidade do alumnado)** que incluíra unha **proba escrita tipo test** que avaliará a comprensión lectora dun **libro libremente elixido da lista** anteriormente presentada (**páxina 6**). Só a aquel alumnado cunha **Adaptación Curricular Individual** en Inglés lerá un **libro de lectura específico, adaptado** a súas características de aprendizaxe. A proba do libro de lectura **obrigada** terá lugar **entre os días 15 e o 17 de febreiro de 2023.**

Na 3ª avaliación realizaranse **unha tarefa e proba (voluntaria)** que avaliará a comprensión lectora dun **libro libremente elixido da lista** de libros sobre aspectos socioculturais dos países de fala inglesa (**páxina 7**). A proba deste libro terá lugar os días inmediatamente posteriores á volta das vacacións de Semana Santa: **entre os días 19 e 21 de abril de 2023.**

5º. O **calendario** de probas de avaliación de 1º ESO na materia de **Inglés** para o **curso 2022-2023** queda preestablecido do xeito que se indica de seguido (salvo variacións de última hora debidas a imponderables ou outras alteracións debidas a circunstancias imprevistas):

Avaliación Inicial	<ul style="list-style-type: none">• Proba Escrita de Diagnóstico Inicial (Vocabulary & Grammar - SKILLS: Listening & Reading & Writing): 10 e 11 de outubro de 2022.
1ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none">• Proba Oral (Speaking): Do 24 de outubro ao 30 de novembro de 2022.
	<ul style="list-style-type: none">• Christmas Reader Test (Optativo): 7 e 9 de decembro de 2022.
	<ul style="list-style-type: none">• Christmas Movies Tests: Entre o 7 e o 13 de decembro de 2022.
	<ul style="list-style-type: none">• Proba Escrita (Vocabulary & Grammar)• Proba Escrita (SKILLS: Reading & Video & Listening): 21 ao 25 de novembro de 2022.
	<ul style="list-style-type: none">• Probas Escritas (SKILLS: Writing): Farase unha por unidade como traballo practico do apartado de redacción ao final de cada unha das unidades (Sen data concreta para as mesmas).

2ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> • Proba Oral (Speaking): Do 6 de febreiro ao 17 de marzo de 2023.
	<ul style="list-style-type: none"> • Reader Test (Obrigado): 15, 16 ou 17 de febreiro de 2023.
	<ul style="list-style-type: none"> • Proba Escrita (Vocabulary & Grammar) • Proba Escrita (SKILLS: Reading & Video & Listening): Do 6 ao 10 de marzo de 2023.
	<ul style="list-style-type: none"> • Probas Escritas (SKILLS: Writing): Farase unha por unidade como traballo practico do apartado de redacción ao final de cada unha das unidades (Sen data concreta para as mesmas).
3ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> • Proba Oral (Speaking): Do 24 de abril ao 26 de maio de 2023.
	<ul style="list-style-type: none"> • Cultural Reader Test (Optativo): Entre o 19 e o 21 de abril de 2023.
	<ul style="list-style-type: none"> • Proba Escrita (Vocabulary & Grammar) • Proba Escrita (SKILLS: Reading & Video & Listening): Do 22 ao 26 de maio de 2023.
	<ul style="list-style-type: none"> • Probas Escritas (SKILLS: Writing) Farase unha por unidade como traballo practico do apartado de redacción ao final de cada unha das unidades (Sen data concreta para as mesmas).
3ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> • Tests Finais de repaso (Vocabulary & Grammar): Do 22 ao 30 de maio de 2023.
Avaliación Final Ordinaria	<ul style="list-style-type: none"> • Proba Escrita (Vocabulary & Grammar & SKILLS: Reading & Writing): Do 16 ao 20 de xuño de 2023.

O cumprimento satisfactorio da tarefa na aula e no fogar (**Classwork**) incluírase na avaliación da materia. Valorarase o seu progreso e a súa madurez, a capacidade de compromiso e superación e a participación nas sesións lectivas da materia. Terase moi en conta que o alumno traia o material da materia e os contidos e as tarefas realizadas; de non ser así, o alumno ou alumna será apercibido por escrito desta circunstancia e lle será comunicado que **tres faltas de material supoñen unha falta de conduta e terá repercusión negativa na avaliación das actividades do alumno/a (Classwork).**

ASIGNACIÓN DE CUALIFICACIÓN POR DESTREZAS.

Probos escritas	Vocabulary (10%)	75 %
	Grammar (20%)	
	Listening & Watching (15%)	
	Reading (15%)	
	Writing (15%)	
Probos orais	Speaking	15 %
Outras Actividades (Realización de tarefas, presentación e entrega de traballos, participación nas clases, actitude e comportamento, etc.)	Classwork, Homework, Attitude & Behaviour	10 %

4. MATERIAIS.

Libros de texto.

Os libros de texto para a materia de Lingua Estranxeira (Inglés) para o curso 2022-2023 son os que aparecen de seguido. Asemade, lémbrese que os libros de texto permiten o acceso ao material dixital complementario.



- PELTERET, Cheryl; LESOURD, Rebecca; DRIVER, Paul & MORRIS, Dan.
- **Editorial:** Oxford University Press España, S.A.
- **Idioma:** Español
- **ISBN-10:** 0194165833
- **ISBN-13:** 978-0194165839



- HALLIWELL, Helen & STANNETT, Katherine
- **Editorial:** Oxford University Press España, S.A.
- **Idioma:** Español
- **ISBN-10:** 0194999491
- **ISBN-13:** 978-0194999496

A materia de Primeira Lingua Estranxeira (Inglés) **non está adscrita durante este curso 2022-2023 ao programa EDIXGAL** o que implica que **o material** escolar indicado na lista oficial de libros de texto do IES “Antón Alonso Ríos” é de uso obrigado na aula para a superación da materia.

Nembargantes, terá **unidades didácticas dixitais** en **EDIXGAL** que se corresponderán e completarán os contidos e actividades que aparecen nos **libros de texto** oficiais da materia. Incorporarán **contidos dixitais** con enlaces a vídeos didácticos publicados en internet, **materiais descargables** (en distintos formatos (pdf, jpg, png) para a realización de tarefas e actividades obrigadas e libres, ademais doutros contidos e actividades.

Ao alumnado que presente necesidades educativas especiais nesta materia ao longo deste curso 2022-2023 e teña que recibir medidas de **Reforzo Educativo (RE)** ou de **Adaptación Curricular Individual (ACI)** se lle podería indicar que utilice algún tipo de material específico (cadernos) para atender e poder mellorar o seu rendemento e intentar acadar a mellor avaliación posible na materia.


Materiais complementarios recomendados.

1º. **Recoméndase** para reforzo, estudo e traballo do aspecto gramatical da materia, **a adquisición e o uso do libro de gramática** para axudarlle a supera-las dificultades no estudo gramatical. Está axeitado ao seu nivel, idade e capacidade de aprendizaxe da lingua inglesa.

Este material non é **obrigado**, é unha suxestión para todo aquel alumnado que precise axuda extra ou queira ampliar o seu coñecemento da gramática da lingua inglesa.

RECOMENDACIÓNS:


a) Nivel principiante e dirixida ao alumnado de Primaria (Repaso de contidos gramaticais a traballar en 1º ESO).



SEIDL, Jennifer: *Gramática Oxford. Para Estudiantes de Inglés. Primaria.*

- **Editor:** Oxford University Press (2007)
- **Colección:** Gramática Oxford Primaria
- **Idioma:** Inglés
- **ISBN-10:** 0194444007
- **ISBN-13:** 978-0194444002


b) Convinte e axeitada a tódolos cursos da ESO.



MATAS, Manuela ; CUDER DOMÍNGUEZ, Pilar y LÓPEZ, Raquel: *Gramática Oxford Para Estudiantes de Inglés ESO.*

- **Editor:** Oxford University Press España, S.A. (2006)
- **Colección:** Gramática Oxford ESO
- **Idioma:** Español
- **ISBN-10:** 0194309185
- **ISBN-13:** 978-0194309189

c) Esquemática e visual. Axeitada para o alumnado que precisa conceptos e imaxes sinxelas.



VV. AA.: *Flash Grammar. Gramática Inglesa en Infografías.*

- **Editorial:** Vox; edición (27 abril 2017)
- **Idioma:** Español
- **Tapa blanda:** 144 páginas
- **ISBN-10:** 8499742386
- **ISBN-13:** 978-8499742380

2º. O alumnado pode e debe utilizar o seu **dicionario bilingüe**. Só se deberá de traer cando llelo pida o profesor.

3º. O restante **material de traballo** que o alumnado precisa é:

• **Axenda e horario.**

- **Pendrive USB** (dispositivo de memoria).
- **Bolígrafos azuis ou negros para realizar tarefas e exames (*)**
- **Bolígrafos vermellos para a corrección de tarefas e exames (*)**
- **Autorízase o uso de typex** (formato **bolígrafo corrector**).

- **É opcional o uso dunha libreta / caderno A4 ou cartafol de argolas e un cartafol de fundas porta-documentos.**

(*): Recoméndase que o alumnado teña sempre **dous** na súa cartucheira.

4º. Ao inicio do curso, ao alumnado de 1º ESO poderá descargar un **libro de repaso de vocabulario básico en inglés en pdf** no sitio web do noso IES (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesantonalonsorios/>) no directorio ou menu “departamentos” e con enlace ao “departamento de inglés”.

5. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

Ao longo deste curso está prevista a posible realización dalgunha das seguintes actividades complementarias á docencia da materia:

- **Celebración** no IES do **“Christmas Jumper Day”** como actividade lúdica e benéfica en pro da ONG *Save The Children*.
- **Saída didáctica ao teatro** para presenciar unha **obra de teatro en inglés**.
- **Actuación dunha atracción de maxía no IES** e na que realizar os trucos de maxía o mago **interactúa co alumnado en inglés**.
- **Participación voluntaria** do alumnado do IES no **concurso didáctico “The Big Challenge”**.

Estas actividades incluíranse tanto na programación xeral do Departamento de Lingua Inglesa e como na programación de Actividades Complementarias e Extraescolares, dependente da Vicedirección, do IES Antón Alonso Ríos para o presente curso 2022-2023.

De se realizar estas actividades e para a participación na mesma, o alumnado tería que **aportar unha parte ou a totalidade do importe da entrada**, prezo por convir coa empresa organizadora da actividade e que se procuraría fora **o máis reducido posible** para o alumnado e as súas familias.